

PLAN DIXITAL

CEIP Coutada-Beade

Versión 1.0 10 de xuño 2022



Índice do Plan Dixital.

1. Introducción.	3
1.1. Datos básicos do centro.	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo.	5
1.3. Breve xustificación do mesmo.	6
1.4. Proceso de elaboración.	7
2. Situación de partida.	8
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.	8
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.	11
2.3. Análise DAFO.	13
3. Plan de Acción.	166
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.	176
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.	24
4. Avaliación do plan.	28
5. Difusión do Plan Dixital.	31

1. Introducción.

1.1. Datos básicos do centro.

O CEIP Coutada Beade (código 36009974) é un centro público dependente da Consellería de Cultura, Educación e Universidade emprazado á altura do número 6 do Camiño do Alén, na Parroquia de Beade, situado no concello de Vigo (provincia de Pontevedra). Ubicación xeoposicionada en Google e publicada na propia web do centro con URL <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade/taxonomy/term/24>

Os datos de contacto son:

☒ Dirección postal:
CEIP COUTADA - BEADE
Camiño do Alén, nº 6
CP 36312 Vigo
Pontevedra

TELÉFONOS: 886 111 196 - 886 111 195

FAX: 886 111 197

Enderezo electrónico: ceip.coutada.beade@edu.xunta.es

☒

O centro cumpre todo o marcado no Real Decreto 132/2010 polo que se establecen os requisitos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da Educación Infantil, a Educación Primaria e a Educación Secundaria.

O padrón de crecemento é negativo, xa que a Parroquia leva experimentando desde 2015 (datos do Instituto Nacional de Estatística do ano 2021) un descenso na natalidade, isto, vese reflectido na diminución da poboación en idade escolar. Nos últimos anos experimentamos unha baixada significativa na matrícula do noso centro, debido á baixa natalidade que afecta á Comunidade Autónoma de Galiza e, concretamente, á zona na que está ubicado o noso centro, pasando de ser desde hai 50 anos liña 3, a ser liña 1 na actualidade.

Esta problemática afecta a todos os centros, tamén da nosa contorna máis próxima.

Debido a todo o exposto, o noso centro na actualidade converteuse nun CEIP de liña 1 con 9 unidades:

- 3 de educación infantil.
- 6 de educación primaria.

- mestres/as especialistas.

MESTRES/AS	NÚMERO
Educación Infantil	3
Apoio Ed. Infantil	1
Educación Primaria	7
Educación Física	1
Música	1
Inglés	1
Francés	1 (titor de Ed. Primaria)
Orientación	1
Pedagogía Terapéutica	1
Audición e Linguaxe	2
ARCO	1
PROA+	1

O número de alumnado total do centro no presente curso escolar 2021-2022 é de 134 alumnos e alumnas de entre 3 e 12 anos, algúns/algunhas dos/das cales presentan necesidades educativas especiais (en adiante ANEAE).

CURSO	NÚMERO DE ALUMNADO NA AULA	NÚMERO DE ALUMNADO NEAE
4º E.I	12	3
5º E.I	15	3

6º E.I	12	4
1º E.P	8	3
2º E.P	11	6
3º E.P	24	10
4º E.P	20	3
5º E.P	18	8
6º E.P	14	4

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo.

A parroquia de Beade é un unha zona semirrural. Segundo o Instituto Nacional de Estatística (INE) leva experimentando un padrón de crecemento negativo desde 2015, contando na actualidade cunha poboación de **5.252** habitantes, dos cales 2.529 son homes e **2.723** son mulleres (datos de 2021).

En canto ao nivel socioeconómico, dicir que a tasa de desemprego é dun **15,53%** (datos de 2020).

No barrio funciona a asociación veciñal do Centro Cultural de Beade que coordina distintos colectivos para rendabilizar os servizos e organizar actividades en común. Na actualidade centran os seus esforzos en impulsar a cultura e o deporte entre os habitantes de todas as idades da Parroquia.

O presente Plan Dixital incardínase dentro da liña marcada no Proxecto Educativo e na Programación Xeral Anual contribuindo ao desenvolvemento dos diversos plans e proxectos do centro:

- Plans anuais de lectura, incluído o proxecto lector do centro.
- Plan de dinamización da Lingua Galega.
- Plan de atención á diversidade.
- Plan de Convivencia.
- Programas de innovación educativa: PLAMBE, ARCO e PROA+

- Outros proxectos de centro vinculados ás actividades complementarias relacionadas coas conmemoracións escolares: Samaín, Magosto, Día Internacional contra a Violencia de Xénero, Día da Declaración dos Dereitos Humanos, Nadal, día da Paz, Entroido, Semana da Prensa, Día da Muller Traballadora, Día do Libro, Semana das Letras Galegas, Día Mundial do Medio Ambiente.
- Contratos programa (Iguála-t, Convive-t, Inclúe-t, Emociona-t).
- EDU.Saúde.
- EDU. Sostibilidade.
- Edu. Innova.
- Plan Proxecta (Aliméntate ben).

Ademais, está previsto volver a participar no proxecto educativo de centro para o vindeiro curso, o cal supón un importante fío aglutinador de todos os proxectos que se levan a cabo no centro. Como todos os anos a temática decidírase ao comezar o curso escolar en setembro.

Por último, o Plan Dixital potenciará directamente o Plan de dinamización das TIC de xeito que supoña un importante impulso para a implementación necesaria e definitiva das novas tecnoloxías na vida cotiá de toda a comunidade escolar.

1.3. Breve xustificación do mesmo.

O Plan Dixital enmárcase dentro do actual marco normativo da lexislativo vixente. Seguindo un orde de maior a menor rango, estaría rexido polas seguintes leis:

- *A Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación, Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación específica que se debe promover o uso das TIC como medio didáctico tratando de contribuír a minimizar os efectos da fenda dixital por xénero ou outros aspectos socioculturais. (art 111 bis).*
Tamén incide en fomentar a confianza e a seguridade no uso das tecnoloxías, prestando especial atención ás situacións de violencia na rede e observando o respecto á normativa reguladora da información dixital e os dereitos de propiedade intelectual ademais de concienciar sobre o respecto dos dereitos de terceiros.
O acceso ás novas tecnoloxías basearase nos principios de non discriminación impulsando un compromiso educativo entre familias e centro e neste contexto, deben atender á diversidade propoñendo modelos de programación e materiais accesibles (art. 121).

Para estes fins, a dirección do centro dirixirá, promoverá e coordinará a innovación educativa (art 132).

- Neste marco legislativo nacional, a Comunidade Autónoma de Galicia publicou a *Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e Bacharelato no curso académico 2021-2022*. Nesta normativa autonómica regúlase a elaboración por parte dos centros docentes durante o curso 2021/22 do Plan Dixital (Disposición adicional quinta).
- Por último, a *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022* establece que a coordinación do Plan Dixital será realizado polo **equipo de dinamización do Plan Dixital** formado pola persoa directora do centro e outra persoa do claustro, que no caso do noso centro será a persoa coordinadora do equipo TIC.

1.4. Proceso de elaboración.

Seguindo as instrucións da resolución do 3 de setembro de 2021 o proceso de elaboración do Plan Dixital levado a cabo polo Equipo de Dinamización do Plan Dixital seguiu as seguintes fases:

- Fase de **análise da situación** do centro a través de 2 instrumentos:
 - **Informe SELFIE**.- con aportacións do equipo directivo, alumnado de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria e todo o profesorado do centro. *Non sabíamos que o alumnado de 4º non podía facer o cuestionario do SELFIE (pero como nas bases puña que estaban dentro da marxe de idade permitida acabaron facendo tamén o cuestionario), aínda que isto foi antes de ser asesorados polos mentores do Plan Dixital.*
 - **Test CDD**.- Realizado por todo o profesorado do centro.
- Fase de **diagnose** de situación do centro.
 - Informe sobre **Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades** (en adiante **DAFO**).- elaborado polo equipo de dinamización do Plan Dixital.
- Fase de **elaboración do Plan Dixital**.
 - Deseño do **plan de acción**.- polo equipo de dinamización do Plan Dixital.
 - **Elaboración do Plan Dixital** propiamente dito.- equipo de dinamización do Plan Dixital.

2. Situación de partida.

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.

2.1.1 Infraestrutura.

O centro conta con **infraestrutura dixital** de datos cableada e sen fíos, ademais de infraestrutura de telefonía (con dúas liñas de teléfono).

2.1.2 Equipamento.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTO R	OUTROS
BIBLIOTECA	2+1	-	2	-	1	Minicadea. Equipo de son. Impresora
infantil 3a	1	1	-	1	1	-
infantil 4a	-	1	-	1	1	-
infantil 5a	1	1	-	1	1	-
1º EP	1	1	-	1	1	-
2º EP	1	-	-	-	1	-
3º EP	1	-	-	1	1	-
4º EP	-	1	-	1	1	-
5º EP	-	1	-	1	1	-
6º EP	-	1	-	1	1	-
Orientación	1	-	1	-	-	-
Música	1	-	-	-	1	1 mesa de son. Altosfalantes
Inglés (2 aulas)	2	-	-	1	2	-
Francés	-	-	-	-	-	Impresora
Plástica/Arts	-	-	-	-	-	-
Relixión	1+1	-	-	-	1	-
Apoio Infantil	-	-	-	-	-	-

Audición e Ling. (2 aulas)	2	-	-	1	1	-
Pedagogía Ter.	1	-	-	-	-	Altosfalantes
Sala Profesores	3	-	-	-	-	2 Impresoras
Secretaría	1	-	-	-	-	Altavoces. Impresora. Cámara web.
Dirección	1	-	-	-	-	1 Cámara web. 1 trituradora. 1 teléfono. 1 cadea musical.
Xef. estudos	1	-	-	-	-	Cámara web
Salón usos múltiples	-	-	-	1	1	-
Ximnasio	-	-	-	-	-	Router
Búnker	-	-	-	-	-	-
Aula infor.	19+2	1	-	1	1	-
Aula Steam	2	4+1	3	-	1	2 Impresoras 3D. 8 mBots. 1 Beebot. 1Doc. 1 mesa de luz. 1 lentes Oculus Go. 7 Placas microbits. 1 Placa BQ ZUM.
Aula Cociña	-	-	-	-	-	-
Sala reunións	-	-	-	-	1	-
Fenda Dixital	-	8	-	-	-	8 routers
TOTAL						

Lenda:

Verde: estado bo.

Amarelo: estado bo pero ten máis de 10 anos.

Vermello: obsoleto, desuso, non funciona...

2.1.3 Servizos dixitais educativos.

O centro tamén conta con servizos dixitais educativos: servizos **corporativos** e **non corporativos** que facilitan a xestión docente:

- **Corporativos:**

- Portal web do centro educativo
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade/>
- Aula virtual do centro educativo
<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade/aulavirtual/>
- Correo corporativo ceip.coutada.beade@edu.xunta.gal
- abalarMóbil para as familias
- abalarPro para o profesorado
- espazoAbalar: para o profesorado
- Servizo de videoconferencia: Webex

- **Non corporativos:**

- Conta de Instagram. [@ceip.coutada.beade](https://www.instagram.com/ceip.coutada.beade)
- Conta de Facebook. <https://www.facebook.com/ceip.coutadabeade/>
- Canal de Youtube. <https://www.youtube.com/user/CeipCoutada>

Todas as redes sociais alleas á Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidade xestionadas polo centro, cumpren coa normativa vixente en base á Lei de protección de datos, informando ás familias ou titores/as legais e contando sempre coa súa autorización asinada.

A xestión do mantemento do equipamento do centro é levada a cabo polo equipo directivo en colaboración co equipo TIC. O mantemento dos equipos facilitados pola administración corre a cargo da Unidade de Atención a Centros (UAC), mentres que o mantemento dos equipos mercados polo centro corre a cargo dun servizo externo contratado polo mesmo: **iWave**.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Para elaborar a análise DAFO realizouse unha análise cuantitativa baseada nos resultados numéricos derivados do informe extraído do test SELFIE.

Observando o resumo das áreas, os distintos sectores da comunidade escolar que realizaron o test obtiveron os resultados que se reflicten na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas Infantil e Primaria
A - Liderado	Equipo Direct.	3.6
	Profesorado	3.2
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	3.9
	Alumnado	4.2
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.4
	Profesorado	3.7
	Alumnado	

Areas	Grupos	Ensinanzas Infantil e Primaria
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.8
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.7
	Alumnado	3.7
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4
	Profesorado	3.1
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.3
	Alumnado	4

Táboa 1. Puntuación obtida por cada sector da comunidade escolar nas diversas áreas SELFIE.

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>9</u>	<u>16</u>	<u>56,3%</u>
PROVISIONAL	<u>1</u>	<u>1</u>	<u>100%</u>
INTERINO	<u>0</u>	<u>1</u>	<u>0%</u>
SUBSTITUTO	<u>1</u>	<u>2</u>	<u>50%</u>
OUTROS	<u>0</u>	<u>0</u>	<u>0%</u>

Táboa 2. Participación no Test CDD segundo o perfil do profesorado.

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
81	Integrador/a (B1)	76.4	Integrador/a (B1)

Táboa 3. Datos do Test CDD sobre Puntuación e nivel de competencia do centro.

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	<u>59.3</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>68.2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>
Prim.	<u>77.2</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	<u>77</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

Táboa 4. Datos do Test CDD sobre puntuación e nivel de competencia por etapas.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
Explorador/a A2	<u>4</u>	<u>36.4%</u>
Integrador/a B1	<u>3</u>	<u>27.3%</u>
Experto/a B2	<u>3</u>	<u>27.3%</u>
Líder C1	<u>1</u>	<u>9.1%</u>
TOTAL	<u>11</u>	<u>100.1%</u>

Táboa 5. Datos do Test CDD sobre distribución do profesorado por niveis.

2.3. Análise DAFO.

A partir do Informe SELFIE, Test CDD e outras fontes, o centro xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da súa realidade no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

Para elo, levouse a cabo unha “parametrización” partindo da media obtida en cada área e, observando a desviación obtida en cada *ítem* con respecto á puntuación de referencia. Clasificáronse os aspectos internos dos diferentes ítems como fortalezas ou debilidades, e os aspectos externos como oportunidades ou ameazas.

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	1. C1. No noso centro a infraestrutura dixital apoia o	

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS		<p>ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais.</p> <p>2. C2. No noso centro hai dispositivos dixitais que poden utilizar no meu traballo como docente.</p> <p>3. C3. O noso centro ofrece acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe.</p> <p>4. C5. A asistencia técnica está dispoñible no noso centro cando xurdan problemas coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>5. C7. No noso centro existen sistemas de protección de datos</p> <p>6. C8. No noso centro existen dispositivos dixitais que son propios ou xestionados polo centro e que o alumnado pode utilizar cando os precise.</p> <p>7. C10. No noso centro hai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.</p>	
	PERSOAL DOCENTE	<p>1. D2. O noso profesorado participa activamente en actividades de formación docente.</p> <p>2. B1. No noso centro avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. B3. No noso centro utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións.</p> <p>4. D1. O noso equipo directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p>	<p>1. A4. No noso centro non temos suficiente tempo para explorar o ensino dixital.</p> <p>2. B2. No noso centro non comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais.</p> <p>3. G6. Non adoitamos usar as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>4. DPC4. No noso centro non existe un desenvolvemento profesional a través de redes profesionais.</p> <p>5. DPC7. No noso centro non realizamos visitas de estudo.</p>

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
	<p>5. D2. No noso centro o profesorado ten posibilidade de CPD en relación co ensino e a aprendizaxe das tecnoloxías dixitais.</p> <p>6. D3. O noso equipo directivo axúdanos a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais.</p> <p>7. E1. No noso centro o profesorado busca recursos educativos dixitais en internet</p> <p>8. E. PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS</p> <p>9. F1. No noso centro usamos as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado.</p>	<p>6. PT. No noso centro, a porcentaxe de tempo dedicado á ensinanza dixital é escaso</p>
PERSOAL NON DOCENTE		
ALUMNADO	<p>1. C. O noso centro conta cunha infraestrutura fiable, axeitada e segura.</p> <p>2. C8. No noso centro hai ordenadores ou tabletas que podo utilizar.</p> <p>3. C8. No noso centro hai dispositivos portátiles para levar a casa cando sexa necesario.</p>	<p>1. H11. O profesorado considera que o alumnado non ten a capacidade suficiente para realizar actividades de programación robótica.</p>
FAMILIAS		
OFERTA		
ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>C. O noso centro conta cunha infraestrutura fiable, axeitada e segura.</p>	<p>B4. No noso centro colaboramos pouco con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso de tecnoloxías dixitais.</p>

INTERNOS	FORTALEZAS	DEBILIDADES
		A1. No noso centro non contamos cunha estratexia dixital.

Táboa 6. Aspectos internos: fortalezas e debilidades.

EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS	
C A T E G O R Í A S	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Posibilidade de participar no programa Edixgal. 2. Posibilidade de participar nun PFPP da liña dixital do CFR de Vigo.	1. Non recibimos suficiente información acerca do programa Edixgal o que xenera dúbidas sobre a participación nese programa. 2. Baixa matrícula por non dispoñer das mesmas infraestructuras de transporte e outros servizos ca outros centros da contorna.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		
	ANPA	1. Posibilidade de colaborar con recursos materiais e humanos.	
	OUTRAS ENTIDADES		1. Non nos proporcionan infraestructuras suficientes para ter as mesmas oportunidades.

Táboa 7. Aspectos externos: oportunidades e ameazas.

3. Plan de Acción.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción ten en conta os recursos materiais e humanos dispoñibles no momento de elaboración do presente Plan Dixital.

O Plan de Acción que se expón a continuación supón unha mellora relativa do uso que se fai dos recursos dispoñibles na actualidade tendo en conta que o catálogo dos mesmos está en constante evolución.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións.

A partires dos resultados do DAFO o equipo de dinamización do Plan Dixital priorizou as necesidades detectadas nas diversas áreas do marco europeo para organizacións educativas dixitalmente competentes (en adiante DigCompOrg) e diagnosticou os diversos *ítems* a mellorar situándoos por orde de prelación do seguinte xeito:

	ÍTEMS	ÁREAS
1º	Potenciar o uso da Aula Virtual entre toda a comunidade educativa, para mellorar a competencia dixital do alumnado e profesorado. (E3)	E. Pedagogía: apoios e recursos.
2º	Introducir a programación e codificación informática a través da realización de proxectos con distintas ferramentas. (H11)	H. Competencias dixitais do alumnado.
3º	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características. (D3)	D. Desenvolvemento profesional continuo.
4º	Desempeñar e fomentar o uso das ferramentas aportadas por Polos Creativos. (C5)	C. infraestrutura e equipamento.

Táboa 8. Orde de prelación de áreas e ítems do informe SELFIE.

A partires de esta reflexión redactáronse os seguintes obxectivos específicos, medibles, alcanzables, relevantes e axustados a un marco temporal, é dicir, temporizados (en adiante obxectivos SMART) prioritarios:

1. Potenciar o uso da Aula Virtual entre toda a comunidade educativa, para mellorar a competencia dixital do alumnado e profesorado. (E3)

- 2. Introducir a programación e codificación informática a través da realización de proxectos con distintas ferramentas. (H11)**

- 3. Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características. (D3)**

- 4. Desempeñar e fomentar o uso das ferramentas aportadas por Polos Creativos. (C5)**

Nas táboas das páxinas 19 en diante aparecen secuenciadas e temporizadas as accións para acadar cada obxectivo, os valores de partida e o valor previsto a acadar no tempo marcado. Ademais tamén se especifican os responsables das mesmas e a previsión de recursos necesario.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: E: PEDAGOXÍA: Apoios e recursos

OBXECTIVO 1:	Potenciar o uso da Aula Virtual entre toda a comunidade educativa, para mellorar a competencia dixital do alumnado e profesorado. (E3)		Acadado			
	RESPONSABLE:	Coordinador Tic.		Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que crea contidos dixitais na AV ao longo do curso.					
Valor de partida (3)	20% do profesorado crea contidos dixitais na AV.					
Valor previsto e data (4)	80% do profesorado crea contidos dixitais na AV.		30/06/2023			
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Seguir coa formación de mestres que aínda non acadaron un manexo da aula virtual mediante formación de cursos ofertados por diferentes plataformas (Fprofe).	Profesorado implicado nos cursos de formación.	15/02/2023	CFR, solicitude de formación, ordenadores e conexión a Internet.			Realizada
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Creación de contidos dixitais na aula virtual.	Profesorado implicado nos cursos de formación	30/06/2023	Contidos dixitais, AV, Ordenadores e Internet.		Realizada	
					Aprazada	

AO2.2: Realización de proxectos de programación.	Alumnado.	30/04/2023	Recursos necesarios para o proxecto, internet, AV.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO2.3: Análise e avaliación dos proxectos presentados.	Profesorado / Alumnado.	30/06/2023	Rúbricas, internet, aula virtual.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

“Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo (D)

OBXECTIVO 3:	Favorecer o intercambio de experiencias, no contexto da transformación dixital dos centros, tanto entre o profesorado do propio centro coma doutros centros de similares características (D3)			Acadado	
RESPONSABLES:	Dirección.			Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Nº de experiencias intercambiadas.				
Valor de partida (3)	0 experiencias intercambiadas durante o curso 21/22.				
Valor previsto e data (4)	1 experiencia intercambiada durante o curso 22/23.			30/06/23	
ACCIONS A DESENVOLVER					
DESCRIPCIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
					Realizada

A03.1: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro.	Dirección.	30/06/2023	Solicitud.			Aprazada	
						Pendente	
						Realizada	
A03.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros.	Equipo directivo.	30/12/2022	Internet, ordenador.			Aprazada	
						Pendente	
						Realizada	
A03.3: Organizar/participar/divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros.	Profesorado participante e Equipo directivo.	30/06/2023	Experiencias intercambiadas.			Aprazada	
						Pendente	
						Realizada	

“Área/s de mellora”: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS

OBXECTIVO 4:	Desempeñar e fomentar o uso das ferramentas aportadas por Polos Creativos (C5)						Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador Polos Creativos						Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe de profesorado que utiliza as ferramentas de Polos Creativos							
Valor de partida (3)	0% do profesorado.							
Valor previsto e data (4)	90% do profesorado.					30/06/2023		
ACCÍONS A DESENVOLVER								

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO4.1: Crear a aula de Polos Creativos.	Equipo TIC. Profesorado Polos Creativos, Coordinador Polos Creativos.	30/09/2022	Ferramentas Polos Creativos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.2: Usar algunha das ferramentas de Polos Creativos.	Profesorado Polos Creativos. Coordinador Polos Creativos.	30/12/2022	Ferramentas Polos Creativos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO4.3: Compartir experiencias realizadas nos polos creativos con outros centros ou en xornadas de innovación.	Profesorado Polos Creativos. Coordinador Polos Creativos.	30/06/2023	Ferramentas Polos Creativos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.

A continuación inclúese **unha táboa** na que se especifican as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o logro e consecución dos obxectivos marcados polo centro no Plan Dixital.

Para a clasificación por categorías e tipo tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado por Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1 coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas			
ORIXE	DOTACIÓN	NECESIDADE	FINALIDADE
Aula informática	Contamos cunha aula de informática con 21 ordenadores dos cales dous non funcionan correctamente, cunha PDI que non é funcional para traballar co alumnado e para a formación do profesorado. Ademais, moito deste material está en mal estado ou en desuso porque os PC e a PDI son demasiado vellos e están obsoletos.	Recursos dixitalizados variados: <ul style="list-style-type: none"> • 21 PC • 1 pantalla táctil interactiva • 1 portátil Workstation 	Actualizar e renovar o espazo para uso do alumnado/ profesorado coa calidade e funcionalidade axeitada para poder acadar os obxectivos que nos propoñemos no Plan Dixital.
Biblioteca Creativa	Contamos con 2 PC moi obsoletos para o alumnado e un PC para o rexistro de libros e catalogación da biblioteca.	3 portátiles	Dinamizar o traballo na biblioteca facilitando o acceso á información dos usuarios en mellores condicións,

			prestando deste xeito un mellor servizo ao alumnado.
		20 tabletas	Poder utilizalas na creación de contidos multimedia, apps educativas Android, e plataformas educativas. Poden transportarse para distintas aulas (Aula Steam, aula de informática...) e poden ser utilizadas en diferentes contextos.
		Equipo de Radio na biblioteca	Precisamos dun espazo e do material técnico para pór a andar a nosa radio escolar.
	Polos creativos/ Aula Steam	<ul style="list-style-type: none"> ● 20 portátiles ● Lentes de realidade virtual de nova xeración ● Máquina de corte e impresión láser ● 1 pantalla táctil interactiva. 	Precisamos este equipamento para usalos nos Polos creativos/ Aula Steam. Os portátiles permiten programar aos nosos robots e placas de programación (microbit), e tamén deseñar en 3D e editar contido multimedia.
		2 mesas táctiles interactivas	Para facilitar a interacción fácil e participativa do alumnado coas múltiples aplicacións que a informática multimedia pon ao

			noso alcance.
Equipamento para o traballo docente		<ul style="list-style-type: none"> ● 8 portátiles ● 6 PC ● 7 pantallas táctil interactivas 	Hai 7 clases que aínda non dispoñen de portátil na súa aula.
Equipamento para o centro	Contamos cunha mesa de son e un par de altosfalantes para as celebracións.	<ul style="list-style-type: none"> - Equipo de son para o fio musical no exterior e interior do centro. - Insonorizar a aula onde se coloca a radio escolar. 	Precisaríamos cablear o centro para meterlle o fio musical, un equipo musical de fidelidade para escoitar a radio escolar e as celebracións no centro, así como insonorizar o espazo onde se instale a radio escolar.
SERVIZOS DIXITAIS EDUCATIVOS			
Corporativos	Plataforma de almacenamento de datos de xeito efectivo.	Recuperación da conta Agueiro	Dar visibilidade á esta plataforma onde se pode almacenar contidos dixitais
Non corporativos	Plataformas de traballo colaborativo.	Traballo na creación de contidos dixitais: Canva, Genially, Liveworksheet...	Crear contidos dixitais interactivos

Recóllese ademais, a continuación, unha táboa na que se especifican concretamente as **necesidades de cada espazo do centro**:

ESPAZO	NECESIDADES CONCRETAS
BIBLIOTECA	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo de radio escolar ● 1 proxector led ● 3 portátiles

Aula de música	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva ● 1 portátil con tarxeta de audio
Aulas de inglés	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva ● 1 portátil ● 1 proyector
Aulas de PT e AL	<ul style="list-style-type: none"> ● 2 pantallas táctil interactivas ● 2 ordenadores portátiles
Aula de EF	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva e equipo de audio ● 1 portátil
Aula de relixión	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 PC
SALA DE MESTRES e sala de reunións	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva ● 1 ordenador de traballo (portátil) ● 2 tabletas
Aula de informática	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva ● 21 PC ● 1 portátil
Outros recursos Polos Creativos/Aula STEAM	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva ● 20 portátiles ● 20 tabletas ● 2 mesas táctiles interactivas ● Equipo de radio e gravación ● Micrófonos ● 1 Croma ● Equipo de iluminación: Gimbal, trípodes, cámara, luces... ● Lentes de realidade virtual de nova xeración ● Máquina de corte e impresión láser
Aula Primaria	<ul style="list-style-type: none"> ● 1 pantalla táctil interactiva ● 2 portátil ● 3 PC
Aulas de Infantil	<ul style="list-style-type: none"> ● 2 PC
Instalacións (exterior e interior)	<ul style="list-style-type: none"> ● Equipo de audio para fío musical ● Insonorización acústica da sala onde se instale a radio escolar.

4. Avaliación do plan.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do Plan Dixital e da consecución dos obxectivos levarase a cabo tendo como referente os valores previstos para os indicadores dos obxectivos establecidos.

Avaliarase tanto o proceso, como a consecución do obxectivo ao final do propio proceso. Polo tanto estableceranse **dous tipos de avaliación**:

- **Avaliación procesual**.- Realizarase ao final de cada trimestre e incluírán o estado da execución das accións, a análise e a valoración dos resultados. De ser o caso, tamén as posibles modificacións das accións (e os motivos) e as propostas de mellora.

- **Avaliación final**.- Realizarase a final de curso e incluírá a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

Con esta finalidade achéganse as seguintes táboas:

- Escala de Likert en 4 niveis para a avaliación procesual.
- Táboa tricotómica para avaliación final.

Avaliación procesual					
Accións	Levo use a cabo con éxito .	Levo use a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levo use a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
1º trimestre					

Avaliación procesual					
Accións	Levo use a cabo con éxito .	Levo use a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levo use a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
AO2.1: Obradoiro de introdución a diferentes ferramentas de programación					
AO3.2: Pescudar experiencias que se están a levar a cabo noutros centros					
AO4.1: Crear a aula de Polos Creativos.					
AO4.3: Usar algunha das ferramentas de Polos Creativos.					
2º e 3º Trimestres					
AO1.1: Seguir coa formación de mestres que aínda non acadaron un manexo da aula virtual mediante formación de cursos ofertados por diferentes plataformas (Fprofe).					
AO1.2: Creación de contidos dixitais na aula virtual.					

Avaliación procesual					
Accións	Levo use a cabo con éxito .	Levo use a cabo con éxito modificando a planificación inicial.	Levo use a cabo sen éxito	Non se levou a cabo	Observacións (modificacións e motivos das mesmas ou propostas de mellora)
AO1.3: Implementación na aula dos contidos elaborados na aula virtual.					
AO2.2: Realización de proxectos de programación.					
AO2.3: Análise e avaliación dos proxectos presentados.					
AO3.1: Organizar intercambios de experiencias entre profesorado do centro.					
AO3.3: Organizar/participar/divulgar intercambios de experiencias de profesorado doutros centros.					
AO4.3: Compartir experiencias realizadas nos polos creativos con outros centros ou en xornadas de innovación.					

Avaliación final				
Valor previsto	Realizada	Aprazada	Pendente	Observacións
O 80% do profesorado crea contidos dixitais na AV?				
Hai 1 proxecto realizado por ciclo ou nivel?				
Hai 1 experiencia intercambiada durante o curso 22/23?				
O 90% do profesorado usa ferramentas aportadas polos polos creativos?				

5. Difusión do Plan Dixital.

A este Plan Dixital daráselle publicidade e difusión entre toda a comunidade educativa por medio da súa publicación na páxina web do centro dentro do bloque “O centro” no elemento do menú “Regulamento do centro” na seguinte URL:

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipcoutadabeade>

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	Destinatarios	Canle	Responsable
Difusión do Plan ao Claustro	Claustro de profesorado	En CCP e na comisión de Coordinación TIC a través dunha presentación e unha reunión posterior	Coordinador TIC

Difusión á Comunidade Educativa	Comunidade Educativa	Inclusión do Plan Dixital no PEC para a difusión do mesmo na web do centro*	Equipo directivo
---------------------------------	----------------------	---	------------------